

Atlántico

'É unha honra que alguén como Paco Ibáñez cante en galego'

Ana Baena. Vigo

29/05/2013

Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952), mestre e poeta, presentou onte a súa última publicación 'Un rato díxolle á lúa'. Unha escolma de Edicións Xerais que onte se presentou na Casa do Libro. O acto que contou coa actuación de Paco Ibáñez, quen musicaliza tres dos poemas nun cd que acompaña ao libro. Unhas horas antes Teijeiro falaba deste libro, e con dificultade escollía 'Tres pombas chegaron cansas', por ser o primeiro que compuso.

Este libro prepara ao público para un primer contacto coa poesía?

Diríxese dende nenos ata adolescentes. Ten poesía con música, con xogos, con rimas e onomatopeias. Pero tamén hai crítica. Pese a ter unha lectura doada, precisa volver sobre os versos. Aos rapaces hai que lles ensinar a reflexionar.

Como se satisface a un lector infantil de poesía?

Aos nenos gústalles a poesía. Precisan dun mediador a quen tamén lle guste (pais, mestres ou bibliotecarios) e que contaxien ese entusiasmo.

Musicou tres poemas nunha gravación de xeito informal na súa casa e resultou magnífico. Van no cd de acompañamento, xunto a outros tres poemas recitados por min e acompañados pola súa guitarra. É unha honra que alguén da categoría de Paco Ibáñez cante en galego, que se preocupe polas linguas minorizadas e que cante tres poemas meus. Pero como di el, o que ocorre é que lle gustaría ser galego.

Como iniciaron a súa química?

Hai moitos anos presentounos Rafael Alberti en Madrid. Houbo moi boas sensacións, víamonos e mandáballes os meus libros e un día elixiu 'Que ocorre coa terra', cantándoa por todo o mundo.